






O home de cabelos brancos e ollos claros colleu dúas daquelas agullas e colocounas, con delicadeza e firmeza a un tempo, no ombreiro do mozo que tiña na consulta.

- Dóече? –preguntou-. Ou nin sequera te decataches de que chas puxen?
- A verdade é que non... Xa están?
- Están, si. Agora vouche colocar dúas máis. Con isto vaiche pasar a dor en poucos minutos. Esta técnica chámase acupuntura, ten séculos de antigüidade.

O mozo quedou tranquilo, nin sentira o roce das primeiras agullas na súa pel. Non había motivos para se tensionar.

O home de cabelos brancos e ollos claros colleu nas mans dúas máis e, mentres as colocaba, veulle a lembranza de cando el mesmo era un neno. Un neno cheo de acne e de complexos. Que mágoa que daquela ninguén lle soubera explicar que aquilo non era para se preocupar, e que tiña solución! Co mal que o pasara!

Naquela altura -dáse conta agora- pouco máis podía facer que intuír o poder da natureza, o poder curador das plantas, do aire, da paisaxe. Hoxe, en cambio, era ben consciente del, e de feito aplicaba no seu traballo a medicina natural ás persoas que lle ían solicitar axuda.

- Vouche dicir una cousa. Ti es noviño e é importante que o aprendas. O corpo e a mente son un todo, non se poden separar, entendes? E nós, as persoas, somos partes minúsculas do universo, somos enerxía deste cosmos tan grande.

O mozo mirouno e non soubo que responder. O home de cabelos brancos e ollos claros continuou.

- Mira, unha vez fun á China, quería aprender dos médicos e dos sabios orientais como fan para curar alí á xente. Se che conto o que vin no hospital de Huanamen,

Ir á China! O mozo escoitaba en silencio as palabras do home de cabelos brancos e ollos claros, que envolvían a sala da consulta. Non era capaz nin de dicir moi ben onde quedaba a China, pensou para si. Que vergoña. Mais desde logo sabía que quedaba lonxe. Os únicos chinos que vira algunha vez eran os dun *todoacen* que había perto da rúa onde vivía, mais nunca se lle dera por pensar que costumes e vidas tería aquela xente. Parecíanlle xente calada, pouco máis.

- Non, non, a verdade é que nin o sentín.

- Xa verás, a dor desaparece case de inmediato.

- Estupendo, mil grazas! Por todo, ademais. Interesoume moito o que me dixo.

- Nada, rapaz, para iso estamos. A semana vindeira lémbreme que che fale dun amigo meu de Catoira, un compoñedor de ósos. Esa é outra historia que tamén tes que saber...

